

3ª Proba Copa Galega de Bloque 2011. Lugo

1. A Competición. Horarios.

Esta proba estará organizada por o club O´Veral, no local que o clube ten para a práctica da escalada, con dirección en Av. De los Deportes Polideportivo Palomar (Lugo) a fecha do organización do evento é a seguinte: 29 de outubro do 2011.

O horario da competición será o seguinte:

A) Rolda Clasificatoria:

- 09:30 Apertura inscrición e quecemento dos competidores.
- 10:00 Inicio das roldas clasificatorias.
- 13:30 Fin da rolda clasificatoria.
- 13:45 Información dos clasificados para a final.

B) As finais:

- 16:00 Apertura zona de quecemento.
- 16:30 Final 1
- 15:30 Descanso 30 minutos para montar pasos
- 18:00 Final 2
- 19:30 Entrega de trofeos.
- 20:00 Aperitivo para participantes e asistentes.

2. Inscrición:

Para participar na terceira proba da Copa será necesario o seguinte:
A inscrición a competición poderase facer de dúas maneiras, non obstante solicitamos ós participantes que comuniquen asistencia con anterioridade para poder facer unhas previsiones de asistencia o evento:

○ Antes da proba, ingresando a cantidade de 5€ na conta do club O´Veral 2091-0176-51-3000065002 (Nova Caixa Galicia). Onde figure o nome do participante soamente. No caso de ser un ingreso de clube con varios participantes poñer o nome do clube e remitir o listado de participantes do clube o mail: cluboveral@hotmail.com

○ O mesmo día da proba antes das 10 da mañá.

Aviso: os escaladores que paguen por banco poderán empezar as clasificatorias despois das 10 da mañá. Os que se apunten o día da proba deberán estar antes das 10 da mañá inscritos.

Estar en posesión da licenza federativa do ano en curso nunha modalidade que cubra a escalada. O día da proba deberán acreditar a licenza federativa.

3. Formato da competición:

O formato de competición que se levará a cabo será muy aberto, para favorecer que tódolos escaladores, poidan dar o máximo de sí mesmo:

Roldas clasificatorias:

O formato proposto para as roldas clasificatorias é o denominado “Á Americana” consistente en propoñer por parte dos equipadores da organización unha serie de problemas de escalada. Os participantes disporán dun tempo fixado pola organización para tentar facelos, puidendo facer os intentos que queiran a cada un dos pasos propostos. Finalizado o tempo pasarán á final os escaladores que sexan capaces de facer o maior número de pasos posibles. Cada escalador deberá ir anotando os pasos que vai realizando, nun listado que haberá no recinto da competición

_ Normas:

_ Para cada problema de bloque se indicará claramente a presa de inicio e a presa final, que deberán collerse coas dúas mans. Haberá que permanecer durante dous segundo coas dúas mans collidas na presa final.

_ Non se poderán utilizar os bordes superiores da instalación, salvo que este indicado polos equipadores claramente

_ Unha vez que se levantan os dous pés, non se poderá tocar o chan nin as colchonetas con ningunha parte do corpo.

_ Os escaladores non poderán tocar dende o chan as presas.

_ Os escaladores disporán dende as 10 da mañá ata as 13:30 para conseguir facer o maior número de pasos propostos. Pasarán a final 5 escaladores na categoría (masculina ou feminina) que menos participantes teña e de 8 na categoría que máis participantes teña. No caso de empates entre escaladores pasarán a final o numero de persoas que máis se aproximen a 5 ou a 8, en cada categoría.

_ Haberá 2 presas “penalizadoras” en cada paso, é dicir, presas que tocalas ou pisalas penalizan, puntuando menos ditos pasos realizados o utilízalas. Estarán claramente marcadas cunha cinta de cor chamativo ao redor.

_ Pasarán á final os escaladores que máis pasos realicen sen utilizar presas penalizadoras. En caso de empate contarán o número de pasos utilizando unha presa penalizadora, se continuara o empate se contarán os pasos utilizando dúas presas penalizadoras.

_ Serán os mesmos pasos en categoría masculina e en categoría feminina.

Roldas finais:

Para a final haberá entre 4-6 pasos de bloque, onde gañará o participante que máis pasos consega realizar.

A orde de saída será inverso os resultados das clasificatorias, comezando primeiro os escaladores que peores resultados obtiveran na clasificatoria. En caso de empate decidirase o orde por sorteo entre os empatados.

_ Formato

Os pasos da final iránse facendo de un en un. Os escaladores estarán nunha zona de illamento antes de cada paso, de maneira que o primeiro intento a cada bloque será a vista, é dicir, sen ver a ningún escalador con anterioridade. O finalizar o intento permanecerán vendo como os seguintes escaladores tentan o paso, ata rematar a rolda.

Finalizada cada rolda volverán tentar o paso os escaladores que non o fixeran, na mesma orde de saída, xa con información do primeiro intento e do que viu facer o resto de finalistas.

A partir do segundo intento xa non voltarán os escaladores á zona de illamento e poderanse verse os uns os outros.

Cada escalador terá un total de 4 intentos como máximo para cada bloque, é dicir, como máximo haberá 4 roldas por paso.

Deste xeito cada competidor poderá ver aproximadamente o mesmo número de intentos. Sendo un formato que elimina moito o tempo na zona de illamento dos finalista e fai máis amena a competición ós escaladores e o público.

Gañadores:

1. Gañará o escalador que máis pasos logre facer.
2. No caso de empate irase ás clasificatorias para desempatar.
3. Se proseguira o empate a organización poderá propoñer un paso de desempate entre os participantes que se atopen neste caso, ou decláralos empatados.

Normas:

_ Para cada problema de bloque se indicará claramente a presa de inicio e a presa final, que deberán collerse coas dúas mans. Haberá que permanecer durante dous segundo coas dúas mans collidas na presa final.

_ Non se poderán utilizar os bordes superiores da instalación, salvo que este indicado polos equipadores claramente

_ Unha vez que se levantan os dous pes non se poderá tocar o chan nin as colchonetas con ningunha parte do corpo.